

1996



“Despóis da conquista de Augusto, o mar da Arousa foi cheo un mar román. Na Insua adícanlle ao Emperador as aras, e cási que de por trente, na outra banda, deberon erguerlle un templo ou unhas aras ao Gran Xúpiter, ao lovi Magno, de donde Xohre e Maño. E no brazo que o mar da Arousa alonga deica a vella cidade de Iria, pol-a vereda, que na terra dos Cáporos abreu o Ulla, como ca-miño de prata —ansí o chamou Rosalía—, unhas torres, despois «chave do Reino de Galicia»”

“O Mar Chamado Arousa”, *Xesús Ferro Couselo. Vida e obra.* (1996), Publicacións da Real Academia Galega, Olga Gallego

XESÚS FERRO COUSELO

(Valga, 1906 – Ourense, 1975)

Foi un investigador e historiador galego. Centrou os seus traballos na arqueoloxía, na etnografía e na lingua. Participou nas Mocidades Galeguistas e na fundación do Partido Galeguista. Formou parte do Seminario de Estudos Galegos, da Editorial Galaxia e da Fundación Penzol, ademais de ser colaborador habitual de numerosas revistas e publicacións. Foi director do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense e membro da Real Academia Galega desde 1951.

GRANDES ÉXITOS



1996

Xesús Ferro Couselo. Vida e obra (1996). Este libro, realizado por Olga Gallego, recolle o amplo volume de escritos de Xesús Ferro Couselo, que se atopaban espallados ao seren publicados en diversos medios. Nel atopamos investigacións e estudos de moi variadas disciplinas que xorden das súas etapas no Seminario de Estudos Galegos, na universidade e nas profesións que

desempeñou ao longo da súa vida. As temáticas destes traballos van desde a recuperación e conservación de arquivos ata os gravados rupestres, ou mesmo sobre urbanismo e toponimia. Entre outros, poderíamos destacar os seguintes: *Cómo e por qué os escribanos deixaron de empregar o galego* (1958) ou *A vida e fala dos devanceiros. Escolma de documentos galegos dos séculos XIII e XVI* (1967).

“Xesús Ferro Couselo é unha das figuras de máis relevo no campo da investigación científica, con que conta hoxe Galicia. Gran estudoso, excelente paleógrafo, traballador incansable, ven realizando a prol do seu país unha xurdía labor que non trascende ó gran público.”

Galicia Emigrante (1956), Salvador de Lorenzana

